

ACTA DA ASEMBLEA XERAL ORDINARIA DA COMUNIDADE DE MONTES EN MAN COMUN DE ATIOS, CELEBRADA O DIA SEIS DE ABRIL DE DOUS MIL VINTE E CATRO (06-04-2024)

Asistencia dos/as membros da xunta reitora da CMVMC de Atios:

Presidente: Juan José Pereira Pereira

Xunta Reitora:

Santiago Ramilo Rodríguez

David Estévez Martínez

Ramón Giráldez Varela

Juan José Domínguez Pereira

José Ramón Pérez Solleiro

Manuel Veiga Maceira

Miguel Maceira Maquieira

Ceferino Pereira Ambrosio

Rubén Mera Varela

Francisco Javier Hernández Santos

José Carlos Alonso Rodríguez

José Manuel Figueroa Villaverde

Actúa como secretaria: M^a del Carmen Pereira Pereira

Apertura da sesión. Na parroquia de Atios, sendo as vinte horas e vinte minutos (20:20) do seis de abril de dous mil vinte e catro (06-04-2024), reúnese no Salón do Centro Social e Cultural en segunda convocatoria, non facéndoo na primeira por non reunir o quórum esixido polos Estatutos, baixo a Presidencia de Juan José Pereira Pereira e coa asistencia dos demais membros da Xunta Reitora, coa única e exclusiva finalidade de celebrar a Asemblea Xeral Ordinaria para a que previa e regulamentariamente foron convocados de conformidade cos Estatutos da Comunidade.

Asistencia. Concorren á presente os/as señores/as membros que legalmente compoñen esta Comunidade e que previamente realizado o reconto de asistencias desglosase como segue:

Número de comuneiros/as activos/as ó comezo da Asemblea: **280**

Número de asistencias de comuneiros/as á Asemblea: **113**

Número de ausencias de comuneiros/as á Asemblea: **167**

Número de ausencias de comuneiros/as á Asemblea con xustificación: **0**

Número de altas: **0**

Número de baixas: **3**

Número de comuneiros/as activos/as ó remate da Asemblea: **277**

Adxúntase á presente acta a lista de comuneiros/as.

ORDE DO DÍA.

1. Lectura da acta anterior.
2. Situación económica a 31/12/2023.
3. Orzamentos exercicio 2024.
4. Exercer acción xudiciais pola ocupación das parcelas nº 13 e nº 52 obxecto da demanda presentada no procedemento ordinario 364/2013 do xuzgado de 1^a instancia e instrucción nº 3 do Porriño.
5. Contrato de venda de dereitos de emisión de CO2.
6. Informes

- 7. Altas e baixas
- 8. Rogos e preguntas.

1. LECTURA DA ACTA ANTERIOR.

A secretaria procede a lectura da acta da asemblea anterior celebrada o día 28 de outubro de 2023. Rematada a lectura non se producen intervencións. É sometida a votación co seguinte resultado: **0 votos en contra, 0 abstencións, queda aprobada por unanimidade.**

2. SITUACIÓN ECONÓMICA A 31/12/2023.

O presidente cede a palabra ó tesoureiro da comunidade para que dea lectura ó balance económico do exercizo pasado.

SITUACIÓN ECONÓMICA:

S.E. a 31-DECEMBRO -2022 (TESOURERÍA) 94.767.54€

INGRESOS:

1. CESIÓN TERREO PISTA DE KARTS	13.769,04€
2. CESIÓN TERREO MINIMOTOS	3.832,56€
3. ALUGUEIRO CAFETERÍA CSCA	1.780,00€
4. CESIÓN PARCELAS MONTE C&L	10.292,07€
1. Parcela CABALEIRO NOGUEIRA	2.694,91€
2. Parcela CONSTRUCC FECHI	1.225,89€
3. Parcela NAROM	6.371,21€
5. CORTAS DE MADEIRA	65.753,84€
6. IVE CORTAS DE MADEIRA	7.890,46€
7. DEVOLUCION DE IMPOSTOS (IS-E 2022)	374,26€
8. LAT REE	124.573,09€
9. CANON CANTEIRAS C&L	263.990,86€
1. LEMMAR GRANITE	31.727,20€
2. FCO. LEMOS ROMERO	38.641,10€
3. RESMINE	30.444,16€
4. BLOCKDEGAL	15.087,82€
5. CABALEIRO NOGUEIRA	19.478,31€
6. MARCELINO MARTINEZ	12.686,52€
7. HORMIG. VALLE MIÑOR	14.783,45€
8. CONSTRUCCIONES FECHI	35.385,94€
9. GTOS. Y ARIDOS DE ATIOS	65.756,36€
10. DEVOL.COSTAS CONCELLO PORRIÑO	15.039,36€
11. XUNTA GALICIA	4.075,00€
12. OUTROS INGRESOS	1.198,20€
INGRESOS EJERCICIO 2023	512.568,74€
TOTAL INGRESOS	607.336,28€
GASTOS DO EJERCICIO 2023	459.672,88€

GASTOS:

1. TRABALLOS E OBRAS PARROQUIAIS	188.155,46€
1.1. Centro Social e Cultural	130.421,12€
1.2. Mantemento e servizo extintores CSCA	246,36€
1.3. Palco da Guía	2.614,48€
1.4. Obra recinto Carbón	1.788,80€
1.5. Obra recinto Vilafría	43.046,72€
1.6. Traidada Xeral de Augas de Atios	10.037,98€
2. TRABALLOS NO MONTE	18.451,62€
2.1. Combustible e lubricantes maquinaria forestal	1.094,10€
2.2. Reparacións, conservación e maquinaria forestal	2.672,66€
2.3. Áre recreativa do monte	5.083,51€
2.4. Tratamentos silvícolas	5.610,00€
2.5. Indicadores – carteis forestais	517,28€
2.6. Arranxo e conservación pistas	3.474,07€
3. SERVIZOS TÉCNICOS-PROFESIONAIS	83.318,30€
3.1. Servizos xurídicos (igualada)	4.514,04€
3.2. Asistencia técnica do monte	1.043,90€
3.3. Planificación técnica e valoración madeira	2.375,98€
3.4. Prima éxito canteiras - avogados	37.091,34€
3.5. Asistencia técnica administrativa	8.360,00€
3.6. Proceso da LAT REE	3.014,67€
3.7. Proceso Campo Tiro	1.335,84€
3.8. Proceso canteira Marcelino Martínez – Rape	2.225,64€
3.9. Asistencia administrativa laboral	1.935,22€
3.10. Asistencia administrativa contable & R.L.	2.707,82€
3.11. Permisos obras	286,20€
3.12. Procuradores	1.408,60€
3.13. Informes e medicións parcelas	1.270,50€
3.14. Burofax	754,24€
3.15. Notaría	797,99€
3.16. Castastro - IBI	14.196,32€
4. PERSOAL	76.096,44€
4.1. Soldos, salarios e asimilados	51.615,78€
4.2. Cargas sociais (seg.soc.)	18.399,28€
4.3. Retencións do persoal (IRPF)	4.081,64€
4.4. Servizo prevención de riscos laborais	538,52€
4.5. Material protección laboral (EPI's)	874,97€
4.6. Gratificacións Nadal	586,25€
5. ADMINISTRACIÓN	56.987,96€
5.1. Comunicacións (teléfonos)	485,65€
5.2. Enerxía e electricidade	2.703,19€
5.3. Oficina/papelería/correspondencia	538,77€
5.4. Seguro Responsabilidade Civil (R.C.)	1.125,42€
5.5. Seguro Local Social CSCA	888,60€
5.6. Mantemento e reparacións ascensor	1.262,76€
5.7. Alarma centro social CSCA	290,29€
5.8. Impostos Estatais (IVE/outros)	48.708,37€
5.9. Páxina WEB	341,00€
5.10. Asembleas Xerais	302,91€
5.11. Cota AFG	341,00€
6. CULTURA, DEPORTE E EVENTOS SOCIAIS	26.866,62€

6.1. Calendarios do nadal	701,80€
6.2. Prensa comunidade	300,00€
6.3. Festa do monte	5.591,15€
6.4. Subvención U.D.Atios clube fútbol	6.000,00€
6.5. AA.CC. Os Penediños 22/23	6.000,00€
6.6. Actividades micolóxicas	600,00€
6.7. ANPA	1.760,00€
6.8. Rondalla Atios	1.200,00€
6.9. Alumbrado Nadal casa cultural	3.573,40€
6.10. Outras axudas	1.140,27€
7. LOCOMOCIÓN	5.372,68€
7.1. Combustible	2.080,27€
7.2. Reparacións e mantemento	1.454,73€
7.3. Taxas e impostos (ORAL)	42,28€
7.4. Seguro vehículo comunidade	710,94€
7.5. Inspección vehículo (ITV)	48,96€
7.6. Aluger vehículo	1.035,50€
8. OUTROS GASTOS	4.423,80€
8.1. Gastos financeiros	413,80€
8.2. Representación campaña v.c.c. 2023	3.890,00€
8.3. Outros	120,00€

RESULTADO EJERCICIO 2023

147.663,40€

Sométese á votación a situación económica a 31 de decembro de 2023. Obtense o seguinte resultado: **0 votos en contra, 0 abstencións, queda aprobada por unanimidade.**

O resultado fiscal do ano 2023 que non se destinara no propio exercicio á realización de traballos de mellora do monte e obras de interese social, destinarase a eses mesmos usos ao longo dos próximos catro exercicios, segundo o establecido no Réxime especial das comunidades de montes do imposto de sociedades.

3. ORZAMENTOS EJERCICIO 2024.

A continuación o presidente presenta os orzamentos para o ano 2024, desglosado como segue:

INGRESOS:

1. CESIÓN PISTA KARTS	13.769,04€
2. CESIÓN PISTA MINIMOTOS	3.832,56€
3. CAFETERÍA CASA CULTURAL	2.805,00€
4. ARRENDAMENTOS PARCELAS MONTE C&L	22.783,23€
1. Parcela CABALEIRO NOGUEIRA	2.778,45€
2. Parcela CONSTRUC.FECHI	11.246,42€
3. Parcela NARÓN	8.758,36€
5. CORTAS MADEIRA	40.000,00€
6. CANON CANTEIRAS DO MONTE C&L	355.905,60€
1. LEMMAR GRANITE	43.033,04€
2. FCO. LEMOS ROMERO	48.781,44€
3. RESMINE	40.592,20€
4. BLOCKDEGAL	22.255,32€

5. CABALEIRO NOGUEIRA	24.470,96€
6. MARCELINO MARTINEZ	16.915,36€
7. HORMIG. VALLE MIÑOR	19.782,44€
8. CONSTRUCCIONES FECHI	44.725,92€
9. GTOS. Y ARIDOS DE ATIOS	84.018,80€
10. GRUPO INGEMAR	11.330,12€

PREVISIÓN DO EXERCICIO 2024 **439.095,43€**

RESULTADO EXERCICIO (TESOURERÍA 2023) **147.663,40€**

PREVISIÓN TOTAL INGRESOS **586.758,83€**

GASTOS E INVESTIMENTOS:

1. OBRAS PARROQUIAIS **188.500,00€**

1.1. Casa Cultural –parte interior-	90.000,00€
1.2. Recinto Casa Cultural –parte exterior-	2.500,00€
1.3. Roupeiro	35.000,00€
1.4. Acometida auga casa cultural S.C.I	15.000,00€
1.5. Obra Carbón	26.000,00€
1.6. Outras obras	20.000,00€

2. TRABALLOS NO MONTE **115.000,00€**

2.1. Combustible e lubricantes maquinaria forestal	2.000,00€
2.2. Reparacións, conservación e maquinaria forestal	5.000,00€
2.3. Amolloamento monte deslindado	20.000,00€
2.4. Tratamentos silvícolas	20.000,00€
2.5. Planta	5.000,00€
2.6. Traballos de prevención campaña c.incendios	2.500,00€
2.7. Permisos cortas	500,00€
2.8. Arranxo pistas forestais	35.000,00€
2.9. Área Recreativa da Veiguiña	15.000,00€
2.10. Mellora zona Campo Tiro	10.000,00€

3. SERVIZOS TÉCNICOS-PROFESIONAIS **73.000,00€**

3.1. Servizos xurídicos	5.000,00€
3.2. Prima de éxito das canteiras	50.000,00€
3.3. Asistencia técnica forestal	10.000,00€
3.4. Asistencia Laboral	1.500,00€
3.5. Asistencia Contable	2.000,00€
3.6. Preito desafiuzamento explotacións nº.13 e 52	3.000,00€
3.7. Procuradores	1.000,00€
3.8. Permisos (trámites técnicos)	500,00€

4. PERSOAL **89.350,00€**

4.1. Soldos, salarios e asimilados	60.000,00€
4.2. Cargas sociais (seg.soc.)	21.000,00€
4.3. Retencións persoal (IRPF)	6.500,00€
4.4. Mutualidade	150,00€
4.5. Servizo prevención riscos laboráis	600,00€
4.6. Material vestuario (EPI's)	500,00€
4.7. Gratificación Nadal	600,00€

5. ADMINISTRACIÓN	56.100,00€
5.1. Comunicaci3ns	500,00€
5.2. Enerxía e electricidade	2.600,00€
5.3. Páxina WEB “pedra que fala”	300,00€
5.4. Oficina/Informática	3.500,00€
5.5. Asembleas xerais	200,00€
5.6. Cuota socio AFG	300,00€
5.7. Seguro responsabilidade civil (R.C.)	1.000,00€
5.8. Mantemento ascensor	1.000,00€
5.9. Alarma centro social	400,00€
5.10. Impostos estatais (IVE e outros)	30.000,00€
5.11. Seguro local social	1.100,00€
5.12. Catastro – IBI	15.000,00€
5.13. Tasas Lixo e outros	200,00€
6. CULTURA, DEPORTE E EVENTOS SOCIAIS	26.350,00€
6.1. AA.CC. “Os Penediños”	8.000,00€
6.2. U.D. Atios clube fútbol	8.000,00€
6.3. Xornal Galego N3S Diario	300,00€
6.4. Calendarios Nadal	750,00€
6.6. Festa Monte	6.000,00€
6.7. Rondalla	1.300,00€
6.8. ANPA	1.500,00€
6.9. Outras axudas	500,00€
7. LOCOMOCI3N	5.400,00€
7.1. Combustible	2.500,00€
7.2. Reparaci3ns e mantemento	2.000,00€
7.3. Taxas e impostos (ORAL)	50,00€
7.4. Seguro vehícuo comunidade	750,00€
7.5. Inspecci3n vehícuo (ITV)	100,00€
8. OUTROS GASTOS	3.950,00€
8.1. Gastos financeiros	450,00€
8.2. Representaci3n	2.500,00€
8.3. Outros	1.000,00€
PREVISI3N TOTAL GASTOS 2024.....	557.650,00€
PREVISI3N Rtdo. EJERCICIO 2024	29.108,83€

No turno de intervenci3ns o comuneiro Francisco Novás solicita poder expoñer á asemblea a petici3n dunha axuda económica para rematar de arranxar o muíño do río Forxán. Unha axuda que cifra en 300 euros. O presidente responde que é mellor presentar as petici3ns antes da asemblea, para estudalas ben e así non trastocar os orzamentos que se propoñen para votaci3n

Intervén tamén o comuneiro Serafín Dávila para sinalar que os muíños teñen varios donos e que son eles os que deben dar a autorizaci3n para actuar neles. Ademais de que non lle parece l3xico que se destinen recursos da comunidade para beneficio de particulares, que neste caso son de Atios e de Cans

Intervén o comuneiro Fernando Vila, quen afirma que cando se arranxou o muíño do Forxán, foi a través dunha subvenci3n do concello, e daquela todos os propietarios tiveron que

asinar a cesión para que se arranxase. Neste caso, di que o que se debería facer é falar con todos os propietarios e traer unha petición por escrito asinada por todos eles.

O comuneiro Juan Manuel Rodríguez toma a palabra para referirse á partida destinada á acometida de auga no Centro Cultural e puntualizar que a traída xeral de augas de Atios sí ten presión suficiente para dar ese servizo. Máis incluso que o Consorcio de Augas do Louro.

Serafin Dávila volve tomar a palabra para indicar que dende o ano 2006, se non todas, case todas as parcelas do Carballo son de titularidade comunal. Que leva xa varios anos en cada asemblea facendo o mesmo rogo, pedindo que a comunidade de montes faga algo alí. Os investimentos van para a A Guía, Vilafría, O Carbón ou outros barrios, pero non para o Carballo. Os antigos propietarios seguen apañando herba e dá a sensación de que non son comunais eses terreos. Hai que botar man deles e facer unha actuación alí. Había un anteproxecto que incluía unha pequena praia fluvial. E pode abrirse un camiño desde Novás ata a igrexa. Iso implica que se adquiran máis propiedades, vía compra ou vía permuta.

Responde o presidente que o ano pasado incluíuse unha pequena partida nos orzamentos, cinco mil euros, con vistas a elaborar un proxecto de actuación completa en toda a zona. Estamos vendo que facer, pero é complexo, haberá que ter en conta o que poida dicir a confederación hidrográfica pola afección a un cauce fluvial, onde tamén hai unha presa con regantes. Hai que estudalo ben.

Sométense á votación os orzamentos para o ano 2024 e obtense o seguinte resultado: **0 votos en contra, 1 abstención, quedan aprobados por maioría.**

Unha vez aprobados, a asemblea faculta á xunta reitora e ao seu presidente a tramitar todas aquelas axudas e subvencións que sexa preciso solicitar para dar cumprimento aos orzamentos.

4. EXECER ACCIÓNS XUDICIAIS POLA OCUPACIÓN DAS PARCELAS Nº 13 E Nº 52 OBXECTO DA DEMANDA PRESENTADA NO PROCEDEMENTO ORDINARIO 364/2013 DO XUZGADO DE 1ª INSTANCIA E INSTRUCCIÓN Nº 3 DO PORRIÑO

Como xa foi anunciado na última asemblea, o titular da canteira Arcace (nº 13) e da canteira da Pedra Branca (nº 52), logo de manter varias reunións con el, non houbo acordo nin intención de resolver o problema pola súa parte. Démoslle de prazo ata o 31 de decembro pero non tivemos resposta. Consequimos regularizar todas as parcelas menos a deste empresario. O concello consentiulle durante décadas que ocupase o terreo sen pagar nin un duro e agora pretende facer o mesmo con nós, pero a xunta de montes de Atios non o vai consentir. Foi falado no seu momento con Pocasa e con todos os canteiros, aos que lles advertimos que non iamos consentir ocupacións ilegais no monte comunal. Ante esta actitude só nos queda recorrer á vía xudicial para desafuzalo.

Sométese o punto a votación de iniciar o pleito civil e obtense o seguinte resultado: **0 votos en contra, 0 abstencións, queda aprobado por unanimidade.**

5. CONTRATO DE VENDA DE DEREITOS DE EMISIÓN DE CO2

Falamos neste punto do mercado de dereito de emisións de carbono, cada vez máis en auxe. Hai una normativa europea que nos obriga a todos a reducir as emisións de CO2. No caso das empresas, a lei permítelles varias vías para esa redución. Ben tomando medidas directas nas súas fábricas para reducir as emisións ou ben mercando a terceiros os dereitos de emisión. O obxectivo é que a xente tome interese en reducir a contaminación atmosférica para mellorar o clima.

A regulación sobre a materia abre una ventá de oportunidade para que os propietarios forestais, comunidades de montes veciñais ou particulares, actúen como axentes no mercado de

emisións de CO2, xa que os bosques absorben gases de efecto invernadeiro. É dicir, hai quen contamina por un lado e quen absorbe esa contaminación, polo outro.

O Ministerio de Transición Ecolóxica abriu un rexistro no ano 2017, onde se regula esa transacción. Nel, os propietarios forestais que actúan como receptores de CO2 inscriben proxectos de plantación ou reforestación, vinculados a empresas contaminantes dispostas a pagar unha compensación económica por emisión de CO2. A el poden acceder comunidades e propietarios forestais que teñan unha superficie afectada por incendios ou que sexan de nova plantación dende o ano 1989. A permanencia neste rexistro é dun mínimo de 30 anos.

A Xunta de Galicia tamen está traballando nesta cuestión. Publicou un decreto no que quere regular este mercado, mediante a inscrición nun rexistro público galego. O obxecto é evitar a fraude para que ninguén poida vender dúas veces os seus dereitos de emisión. Pero o tema está aínda en fase de proxecto.

Ademais dos rexistros oficiais, hai outras posibilidades de acceder ao mercado de emisións de carbono, a través de operadores privados, como a proposta que nos fixo unha empresa e que agora expoñemos á asemblea. A consultora AirCO2, logo de analizar o noso monte, ofrece un comprador para a nosa capacidade de absorción. Temos no monte comunal de Atios 188 hectáreas forestadas, cunha capacidade media de absorción de 6 toneladas de CO2 por hectárea. Iso dá un resultado de 1128 toneladas de CO2. Hai unha empresa disposta a adquirir esa capacidade de absorción, o que no mercado se traduce en dereitos de emisión. E paga 13 euros por tonelada. Asinaríamos contrato por un ano.

O propósito de todo isto é que as empresas reduzan a contaminación e polo outro os propietarios forestais reciban unha compensación por ter o monte en bo estado que actúa como un pulmón para os lugares onde se asentan.

Sométese á asemblea autorizar á xunta directiva a explorar a posibilidade de que comunidade de montes de Atios entre no mercado venta de dereitos de emisión de carbono. Obtense o seguinte resultado: **0 votos en contra, 1 abstención, queda aprobado por maioría.**

6 INFORMES.

O presidente informa que xa se atopa na recta final o procedemento de execución xudicial, para que o concello pague pola recadación obtida desde a sentenza que declara como comunais os terreos das canteiras. O auto de execución do 4 de setembro de 2023 é firme e non cabe recurso. A xuíza instou ao concello a determinar que cantidades recadou desde o 28 de febreiro de 2018. Debía facilitar os contratos e toda a documentación sobre os arrendamentos das canteiras. Ademais, o auto de execución obrigábo a deixar libre e expedita a parcela da astilladora.

- Expóñense tamén algúns traballos efectuados durante estes meses no monte comunal.
- Plantación de castiñeiros, arredor de 300, nas faixas de cada beira do camiño que sobe dende Pedra de Audiencia ata a área recreativa da Veiguiña.
 - Plantación de frondosa na zona do Valiño, máis próxima á área recreativa.
 - Actuación importante no Charco do Pousos. Cortouse o piñeiro e dende aquela trabállase arreo para manter a zona limpa de acacia e invasoras, combaténdoas con labores de roza constante e plantación de frondosas. Na parte superior contratouse unha empresa para limpar a acacia que invadía o castiñeiro plantado hai anos.
 - Limpeza na presa da Ventosa e no sendeiro do regato dos muiños.

Informamos finalmente dun vertido no Pé do Iso, no arranque do camiño novo aberto no recheo da canteira de Vilafría. Un vertido de uralita. Descoñecemos quen foi. Chamamos ao Seprona, pero tampouco serviu de nada. Solicitamos a colaboración veciñal, por se alguén ten

algún dato do autor da vertedura. Pedimos presuposto para a retirada das chapas e piden 1850 euros pola recollida e tratamento. Estudaremos outras propostas.

7. ALTAS E BAIXAS

Altas.

Non se producen

Baixas por defunción

Nº 0101_Joaquín Lameiro Fonte_DNI_X0186794B

Nº 0194_Florentino Serafín Ramilo Novás_DNI_35497594S

Nº 0237_Manuel Machado Tourón_DNI_35496375S

8. ROGOS E PREGUNTAS

A comuneira Milagros Pereira pregunta por que non se asfalta o camiño que discorre pola parte de abaixo do colexio. É un camiño utilizado por moitas nais e pais que levan os nenos ao colexio, e ten moitos baches, sendo a veces moi difícil incluso ir a pé. Cre que se debía asafaltar e pregunta se é decisión da directiva ou da comunidade, porque non está de acordo.

Responde o presidente que ese camiño é zona forestal e, xa que logo, a directiva non cre convinte nin necesario asfaltalo. Engade, non obstante, que faremos traballos de acondicionamento para arranxar o camiño e facelo transitable. Con todo, o colexio ten moitos máis accesos alternativos en perfectas condicións.

Non habendo máis intervencións o presidente da por concluída a asemblea ordinaria sendo as vinte e dúas horas e trinta minutos (22:30) do 6 de abril de 2024. De todo o cal eu, como secretaria, dou fe.

Vº e prace do Presidente
Asdo. Juan José Pereira Pereira

A secretaria
Asdo. Mª del Carmen Pereira Pereira